

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36020271	IES As Bizocas	O Grove	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Relixión católica	1º ESO	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	12
4.2. Materiais e recursos didácticos	12
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	12
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	12
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	13
6. Medidas de atención á diversidade	13
7.1. Concreción dos elementos transversais	14
7.2. Actividades complementarias	14
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	15
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	16
9. Outros apartados	16

1. Introducción

A presente programación didáctica, elaborada para a materia de Relixión do 1º curso da ESO, ten como referencia o currículo que establece o Decreto 156/2022, do 15 de setembro de 2022, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia. Neste marco, o ensino da Relixión Católica propónse como materia curricular de oferta obrigatoria para os centros escolares e de libre elección para as familias.

Os saberes básicos preséntanse organizados en tres bloques. O primeiro bloque xira en torno o descubrimento da vida e da autonomía persoal, a luz da mensaxe cristiá, que se enriquece con valores de liberdade, responsabilidade, comunicación das emocións e ideas propias. O segundo bloque plantexa o coñecemento do entorno, o encontro cos outros e o coidado dun mesmo e dos demais para crecer en harmonía e comunión. O terceiro bloque facilita a comprensión da tradición social e a identidade cultural para aprender a vivir con outros a respetar a natureza, construír entornos inclusivos e diversos e construír a casa común.

Esta programación didáctica está pensada para ser levada á práctica no IES AS BIZOCAS situado en San Vicente do Mar (O Grove) para un alumnado que procede maioritariamente dos CEIP: Valle Inclán e As Bizocas. O entorno cultural e económico podemos definilo como medio, cun grao de integración social bo para a maioría dos/as alumnos/as e cunha porcentaxe de inmigrantes baixa.

A programación vai dirixida a alumnos e alumnas de 1ª da ESO con idades comprendidas ao inicio do curso entre os 11 e os 12 anos, Trátase dun grupo heteroxéneo en canto a intereses, nivel de traballo e dificultades. Hai 3 alumnos/as que están repetindo curso.

O nivel educativo que presenta o alumnado na materia de Relixión é baixo, estase perdendo a tradición cultural relixiosa nas familias, polo que a maioría do alumnado carece de coñecementos previos mínimos, o que hai que engadir que o tratarse dunha materia optativa, podemos atoparnos co caso dalgún alumno/a que non a cursou nunca, ou non a cursou dende fai varios anos, polo que faise necesario partir de cero.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Identificar, valorar e expresar os elementos cruce da dignidade e identidade persoal a través da interpretación de biografías significativas, para asumir a propia dignidade e aceptar a identidade persoal, respectar a dos outros, e desenvolver con liberdade un proxecto de vida con sentido.	1-3			1-4	1-2-4-5		2-3	3
OBX2 - Valorar a condición relacional do ser humano, desenvolvendo destrezas e actitudes sociais orientadas á xustiza e á mellora da convivencia tendo en conta o maxisterio social da Igrexa, para aprender a vivir con outros e contribuír á fraternidade universal e a sustentabilidade do planeta.	2-5	3	5	3	3	1-2-4	1	
OBX3 - Asumir os desafíos da humanidade desde unha perspectiva inclusiva recoñecendo as necesidades individuais e sociais, discerníndoos coas claves do ¿Reino de Deus¿, para implicarse persoal e profesionalmente na transformación social e o logro do ben común.	1-5		3	1	3	3-4	1	3

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Interpretar e admirar o patrimonio cultural nas súas diferentes expresións, recoñecendo que son portadoras de identidades e sentido, apreciando como o cristianismo se ha encarnado en manifestacións diversas, para desenvolver sentido de pertenza, participar na construción da convivencia e promover o diálogo intercultural no marco dos dereitos humanos.	4	3		2-3		3		1-2-4
OBX5 - Recoñecer e apreciar a propia interioridade, a experiencia espiritual e relixiosa, presente en todas as culturas e sociedades, comprendendo a experiencia de personaxes relevantes e valorando as posibilidades do relixioso, para discernir posibles respostas ás preguntas sobre o sentido da vida, e favorecer o respecto entre as diferentes tradicións relixiosas.	1				1-3-5	3	2	1-3
OBX6 - Identificar e comprender os contidos esenciais da Teoloxía cristiá, contemplando e valorando a contribución da tradición cristiá á procura da verdade, para dispoñer dunha síntese do cristianismo que permita dialogar con outras tradicións, paradigmas e cosmovisións.	2-3		4	1	4-5	1-4	3	1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Atoparse e recoñecerse	Todas as persoas necesitamos raíces, pertenzas, que contribúen a conformar a nosa identidade. Os alumnos deben comprender a importancia de relacións auténticas para ir conformando a identidade persoal.	15	6	X		
2	Ao encontro cos demais	Todas as persoas temos os mesmos dereitos e dignidade e unha identidade propia. Nesta situación de aprendizaxe os alumnos descubrirán a igual dignidade de todos os seres humanos e a responsabilidade do coidado da Casa común.	15	6	X		
3	Ritos e costumes	Todas as persoas e culturas temos una serie de ritos e costumes coa que	15	6		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	Ritos e costumes	expresamos a nosa identidade cultural. Nesta situación de aprendizaxe os alumnos descubrirán que, a pesar de a diversidade de ritos, pola súa forza simbólica, serven para expresar actitudes profundas cara a un mesmo, os demais ou Deus.	15	6		X	
4	A cultura lugar de encontro	Todas as relacións que establecemos as persoas veñen determinadas pola mediación cultural Nesta situación de aprendizaxe os alumnos descubrirán que as expresións artísticas e culturas son una posibilidade de encontro cun mesmo, cos outros e con Deus.	15	5		X	
5	O encontro con Xesús	Na biografía de cada persoa prodúcense encontros que nos impactan ou que nos transforman. Os encontros con Xesús tiñan esa capacidade. Nesta situación de aprendizaxe os alumnos descubrirán que os encontros con Xesús eran consecuencia da súa relación con Deus e como o seguimento cristián, tamén na actualidade fundaméntase no encontro con Xesús.	20	6			X
6	A Igrexa sae o encontro	Necesitamos do encontro cos outros para noso dearrrollo persoal. A Igrexa, cumprindo o mandato de Xesús, debe prestar máis tención ás persoas excluídas. Nesta situación de aprendizaxe os alumnos descubrirán, seguindo o exemplo de Xesús, a importancia de saír ao encontro das persoas necesitadas.	20	6			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Atoparse e recoñecerse	6

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Describir e aceptar os trazos e dimensións fundamentais da identidade persoal, analizando relatos bíblicos de vocación e misión, así como outras biografías significativas.	Relaciona o concepto e a percepción que os outros teñen dun mesmo coa identidade persoal.	PE	70
CA1.3 - Adquirir habilidades e actitudes de relación con outros, poñendo en práctica estratexias efectivas de reflexión e de comunicación, de axuda mutua, de participación e de inclusión, orientadas á mellora da convivencia na familia e na escola como expresión da fraternidade universal.	Comprende a importancia do respecto e de establecer normas para mellorar a convivencia e extrae conclusións a luz da ecoloxía integral e do relato do Xénese.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Identificar as características da visión bíblica sobre o ser humano, relacionándoa coa dignidade persoal, recoñecéndoa nos outros.	identifica o mandamento do amor como norma relacional cun mesmo e cos demais.	TI	30
CA1.4 - Desenvolver empatía e recoñecemento da diversidade persoal e social, inspirándose no ser relacional de Deus, manifestado na historia da salvación.	Recoñece a iniciativa dun Deus que sale ao encontro das persoas na historia da salvación		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Dignidade humana e proxecto persoal na visión cristiá da vida. - Trazos e dimensións fundamentais da vida humana en relación coa visión cristiá da persoa. - Relacións fundamentais da persoa: consigo mesma, cos demais, coa natureza e con Deus. - Relatos bíblicos e biografías sobre vocación e misión. - Habilidades e actitudes de escoita, empatía e expresión asertiva para unha comunicación interpersonal. - Cosmovisión, identidade cristiá e expresión cultural. - As claves bíblicas de Alianza, Pobo, e Historia na comprensión da dimensión creatural e relacional da persoa e as súas consecuencias. - Corresponsables no coidado das persoas e do planeta.

UD	Título da UD	Duración
2	Ao encontro cos demais	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.9 - Valorar a experiencia espiritual e relixiosa como dimensión humana e social propia de todos os pobos e culturas, coñecendo a especificidade da espiritualidade xudeocristiana e doutras relixións.	Establece a relación entre experiencias vitais e a pregunta polo sentido da vida.	PE	70
CA1.11 - Identificar a Xesucristo como núcleo esencial do cristianismo, e a Biblia como libro do Pobo de Deus, valorando as súas achegas á vida das persoas e as sociedades.	Descobre que Xesús participou en diferentes grupos e identifica aos membros do grupo dos Apóstolos.		
CA1.12 - Elaborar unha primeira síntese da fe cristiá, subliñando a súa capacidade para o diálogo entre a fe e a razón, entre a fe e a cultura, mantendo as conviccións propias con pleno respecto ás dos outros.	Identifica os lugares asociados á vida e misión de Xesús, recoñece a presenza do relixioso en tempos de Xesús e selecciona os datos biográficos que axudan a recoñecer a Xesús.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Identificar as características da visión bíblica sobre o ser humano, relacionándoa coa dignidade persoal, recoñecéndoa nos outros.	Relaciona o autoconceito e a percepción que os outros teñen dun mesmo coa identidade persoal	TI	30
CA1.3 - Adquirir habilidades e actitudes de relación con outros, poñendo en práctica estratexias efectivas de reflexión e de comunicación, de axuda mutua, de participación e de inclusión, orientadas á mellora da convivencia na familia e na escola como expresión da fraternidade universal.	Descobre, na tradición bíblica, a relación entre o nome propio coa vocación persoal e identifica o mandamento do amor como norma relacional cun mesmo e cos demais.		
CA1.4 - Desenvolver empatía e recoñecemento da diversidade persoal e social, inspirándose no ser relacional de Deus, manifestado na historia da salvación.	Recoñecer na iniciativa dun Deus que sale ao encontro a orixe da historia da salvación.		
CA1.5 - Xerar actitudes de xustiza e solidariedade, respectando a diversidade e tomando conciencia da responsabilidade compartida e a común pertenza, no horizonte do Reino de Deus.	Comprende a importancia do respecto e de establecer normas para a mellora da convivencia e extrae conclusións sobre a ecodependencia do ser humano á luz da ecoloxía integral e do relato da Xénese		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Dignidade humana e proxecto persoal na visión cristiá da vida. - Trazos e dimensións fundamentais da vida humana en relación coa visión cristiá da persoa. - Habilidades e actitudes de escoita, empatía e expresión asertiva para unha comunicación interpersoal. - Cosmovisión, identidade cristiá e expresión cultural. - A Biblia, Palabra de Deus en palabras humanas que narra a relación entre Deus e o seu Pobo, a súa composición e xéneros literarios. - As claves bíblicas de Alianza, Pobo, e Historia na comprensión da dimensión creatural e relacional da persoa e as súas consecuencias. - Xesucristo, revelación plena de Deus e acontecemento e salvación para a humanidade. - María, Nai de Xesús e Nai da Igrexia, testemuña da fe. - Corresponsables no coidado das persoas e do planeta. - As diversas igrexas e comunidades cristiás coas súas propostas éticas para a vida en sociedade.

UD	Título da UD	Duración
3	Ritos e costumes	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.7 - Situar e interpretar as expresións culturais e as súas linguaxes nos seus contextos históricos, apreciando a súa contribución á identidade persoal e social e aos Dereitos Humanos, facilitando a convivencia e o diálogo intercultural.	Sabe o significado dalgúns ritos e oracións propias do cristianismo .	PE	70
CA1.10 - Respetar as diferentes igrexas e tradicións relixiosas, coñecendo e valorando as crenzas, ritos, símbolos e principios de cada unha delas, tendo elementos de xuízo persoal que favorezan o diálogo interrelixioso.	Coñece os diferentes tipos de ritos, comúns ás relixións, e exemplos de celebracións de diferentes confesións.		
CA1.11 - Identificar a Xesucristo como núcleo esencial do cristianismo, e a Biblia como libro do Pobo de Deus, valorando as súas achegas á vida das persoas e as sociedades.	Descobre o comportamento de Xesús respecto das normas e ritos do pobo de Israel.		
CA1.9 - Valorar a experiencia espiritual e relixiosa como dimensión humana e social propia de todos os pobos e culturas, coñecendo a especificidade da espiritualidade xudeocristiana e doutras relixións.	Relaciona o modo de vida dos monxes coa experiencia espiritual cristiana da oración.	TI	30

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Dignidade humana e proxecto persoal na visión cristiá da vida. - Habilidades e actitudes de escoita, empatía e expresión asertiva para unha comunicación interpersoal. - Cosmovisión, identidade cristiá e expresión cultural. - A Biblia, Palabra de Deus en palabras humanas que narra a relación entre Deus e o seu Pobo, a súa composición e xéneros literarios. - Xesucristo, revelación plena de Deus e acontecemento e salvación para a humanidade. - María, Nai de Xesús e Nai da Igrexa, testemuña da fe. - A experiencia e as crenzas cristiás expresadas no Credo da Igrexa católica. - Comprensión dos símbolos e as celebracións da liturxia cristiá, dos sacramentos e da súa teoloxía. - Estratexias de análises de obras de contido relixioso en distintas linguaxes, apreciando a achega do cristianismo á cultura. - Corresponsables no coidado das persoas e do planeta. - Xesucristo e a súa relación cos grupos sociais e relixiosos da época, e a súa opción preferente polas persoas máis desfavorecidas. - As diversas igrexas e comunidades cristiás coas súas propostas éticas para a vida en sociedade.

UD	Título da UD	Duración
4	A cultura lugar de encontro	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.8 - Razoar como a fe cristiá, no presente e ao longo da historia, fíxose cultura, interpretando o patrimonio literario, artístico e cultural e valorándoo como expresión da encarnación da mensaxe cristiá en diferentes linguaxes.	Recoñece algúns elementos cristiáns presentes na nosa cultura, a súa orixe e significado.	PE	70
CA1.10 - Respetar as diferentes igrexas e tradicións relixiosas, coñecendo e valorando as crenzas, ritos, símbolos e principios de cada unha delas, tendo elementos de xuízo persoal que favorezan o diálogo interrelixioso.	Comprende o significado dalgúns dos símbolos e a experiencia relixiosa que os xerou e que transmiten.		
CA1.7 - Situar e interpretar as expresións culturais e as súas linguaxes nos seus contextos históricos, apreciando a súa contribución á identidade persoal e social e aos Dereitos Humanos, facilitando a convivencia e o diálogo intercultural.	Comprende a cultura como portadora de identidades e sentido, tomando conciencia do carácter universal da mensaxe cristiá e a súa capacidade de inculturarse en diferentes sociedades.	TI	30

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Dignidade humana e proxecto persoal na visión cristiá da vida. - Habilidades e actitudes de escoita, empatía e expresión asertiva para unha comunicación interpersonal. - A espiritualidade e a experiencia relixiosa como realización humana e social. A súa relación cos sacramentos. - Aprecio da oración e a contemplación na tradición xudeocristiana e outras relixións como encontro coa bondade, a verdade e a beleza e a posibilidade para o diálogo intercultural e interrelixioso. - Cosmovisión, identidade cristiá e expresión cultural. - A Biblia, Palabra de Deus en palabras humanas que narra a relación entre Deus e o seu Pobo, a súa composición e xéneros literarios. - Xesucristo, revelación plena de Deus e acontecemento e salvación para a humanidade. - María, Nai de Xesús e Nai da Igrexia, testemuña da fe. - Comprensión dos símbolos e as celebracións da liturxia cristiá, dos sacramentos e da súa teoloxía. - Estratexias de análises de obras de contido relixioso en distintas linguaxes, apreciando a achega do cristianismo á cultura. - Corresponsables no coidado das persoas e do planeta. - Xesucristo e a súa relación cos grupos sociais e relixiosos da época, e a súa opción preferente polas persoas máis desfavorecidas. - As diversas igrexas e comunidades cristiás coas súas propostas éticas para a vida en sociedade.

UD	Título da UD	Duración
5	O encontro con Xesús	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Xerar actitudes de xustiza e solidariedade, respectando a diversidade e tomando conciencia da responsabilidade compartida e a común pertenza, no horizonte do Reino de Deus.	Recoñece algunhas menxases do Reino de Deus, na predicación de Xesús de Nazaret.	PE	70
CA1.11 - Identificar a Xesucristo como núcleo esencial do cristianismo, e a Biblia como libro do Pobo de Deus, valorando as súas achegas á vida das persoas e as sociedades.	Recoñece a Biblia como o libro sagrado dos cristiáns.		
CA1.2 - Identificar as características da visión bíblica sobre o ser humano, relacionándoa coa dignidade persoal, recoñecéndoa nos outros.	Recoñece como o encontro con Xesús suscita una transformación persoal.	TI	30
CA1.3 - Adquirir habilidades e actitudes de relación con outros, poñendo en práctica estratexias efectivas de reflexión e de comunicación, de axuda mutua, de participación e de inclusión, orientadas á mellora da convivencia na familia e na escola como expresión da fraternidade universal.	Recoñece a influencia na construción da identidade persoal do encontro con algunhas persoas significativas.		
CA1.6 - Analizar as necesidades sociais, identificando as situacións de inxustiza, violencia e discriminación, coas súas causas, discerníndoas segundo o proxecto do Reino de Deus, implicándose en propostas de transformación social.	Analiza situacións de inxustiza na súa contorna e propón accións en favor dos máis desfavorecidos.		
CA1.8 - Razoar como a fe cristiá, no presente e ao longo da historia, fíxose cultura, interpretando o patrimonio literario, artístico e cultural e valorándoo como expresión da encarnación da mensaxe cristiá en diferentes linguaxes.	Analiza algunha obra de arte comprendendo a experiencia relixiosa que transmiten.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Dignidade humana e proxecto persoal na visión cristiá da vida. - Trazos e dimensións fundamentais da vida humana en relación coa visión cristiá da persoa. - Habilidades e actitudes de escoita, empatía e expresión asertiva para unha comunicación interpersoal. - A espiritualidade e a experiencia relixiosa como realización humana e social. A súa relación cos sacramentos. - Aprecio da oración e a contemplación na tradición xudeocristiana e outras relixións como encontro coa bondade, a verdade e a beleza e a posibilidade para o diálogo intercultural e interrelixioso. - Cosmovisión, identidade cristiá e expresión cultural. - Xesucristo, revelación plena de Deus e acontecemento e salvación para a humanidade. - A proposta ética e relixiosa do Reino de Deus en sociedades plurais. - Corresponsables no coidado das persoas e do planeta. - Xesucristo e a súa relación cos grupos sociais e relixiosos da época, e a súa opción preferente polas persoas máis desfavorecidas. - Dinámicas persoais e sociais que dificultan ou impiden a construción do ben común, á luz do Evanxeo e da Tradición cristiá.

UD	Título da UD	Duración
6	A Igrexa sae o encontro	6

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.11 - Identificar a Xesucristo como núcleo esencial do cristianismo, e a Biblia como libro do Pobo de Deus, valorando as súas achegas á vida das persoas e as sociedades.	Relaciona o anuncio do Reino de Deus coa misión que Jesús encomendou aos seus discípulos e á Igrexa	PE	70
CA1.3 - Adquirir habilidades e actitudes de relación con outros, poñendo en práctica estratexias efectivas de reflexión e de comunicación, de axuda mutua, de participación e de inclusión, orientadas á mellora da convivencia na familia e na escola como expresión da fraternidade universal.	Recoñece algúns proxectos de axuda a persoas necesitadas.	TI	30

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Dignidade humana e proxecto persoal na visión cristiá da vida. - Relatos bíblicos e biografías sobre vocación e misión. - Habilidades e actitudes de escoita, empatía e expresión asertiva para unha comunicación interpersoal. - Cosmovisión, identidade cristiá e expresión cultural. - A Biblia, Palabra de Deus en palabras humanas que narra a relación entre Deus e o seu Pobo, a súa composición e xéneros literarios. - Xesucristo, revelación plena de Deus e acontecemento e salvación para a humanidade. - María, Nai de Xesús e Nai da Igrexa, testemuña da fe. - Corresponsables no coidado das persoas e do planeta. - Dinámicas persoais e sociais que dificultan ou impiden a construción do ben común, á luz do Evanxeo e da Tradición cristiá. - As diversas igrexas e comunidades cristiás coas súas propostas éticas para a vida en sociedade. - A valoración positiva da Igrexa cara á diversidade relixiosa e as súas expresións. - Situacións próximas de inxustiza e exclusión analizadas criticamente desde o maxisterio social da Igrexa. - Proxectos sociais da Igrexa ao longo da súa historia e a súa achega á inclusión social e á ecoloxía integral.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Empregaremos diversas técnicas e estratexias docentes, como o fomento do traballo en equipo, a busca persoal de información complementaria, a provocación da curiosidade por coñecer acontecementos que explican en gran parte a nosa actualidade, e a creatividade que posibilite unha dimensión gratificante do esforzo que toda aprendizaxe implica.

Para iso, as actividades serán o máis variadas posibles e adaptadas aos diferentes niveis da clase. Para as actividades iniciais empregaremos test autoavaliativos, choiva de ideas (brainstorm), etc., que nos permiten detectar os coñecementos previos do alumnado, facilitándonos axustar estratexias e metodoloxías

Actividades de desenvolvemento como comentarios de textos bíblicos, artigos de periódicos ou revistas; análise de mapas e gráficos, que posibilitan a fixación espacial e temporal dos acontecementos máis importantes na Historia do cristianismo, a interpretación de cadros e outras imaxes e o visionado de documentais e películas, que nos permiten afondar en aspectos clave da vida cristiá

Incidir á curiosidade e propiciar procesos de investigación e elaboración de traballos, empregando diferentes fontes de información TIC etc

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Recursos interactivos de diferentes editoriais e en rede
Fotocopias
Material de elaboración propia
Materiais audiovisuais etc

Os diferentes materiais empregados, están pensados para que os alumnos aprendan, desenvolvan as súas competencias e transfiran ás aprendizaxes a súa vida.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A materia de Relixión é de oferta obrigatoria para o centro e de libre elección para o alumnado estes poden acceder á materia mesmo sen tela cursado con anterioridade polo que non é necesario que acrediten coñecementos previos.

Con todo, ao comezo do curso, tomarase información dos coñecementos do alumnado, a través dun cuestionario tipo test, con algún instrumento de gamificación, observación na aula, información doutros/as profesores/as, expediente académico etc.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	15	15	15	15	20	20	100
Proba escrita	70	70	70	70	70	70	70
Táboa de indicadores	30	30	30	30	30	30	30

Criterios de cualificación:

A nota de cada avaliación calcularase da seguinte forma:

70% corresponderá a unha proba escrita e /ou traballo sobre os coñecementos tal como se reflicte no punto 3.3 desta programación.

30% corresponderá:

- O traballo, tanto individual como en grupos, realizado polo alumno e será medido a través de rúbricas e rexistros de control

- A actitude ante a aprendizaxe que valorará a participación na aula e a implicación na materia

- O caderno de clase que deberá estar completo e correxido.

No boletín a nota reflíctese cun número enteiro polo tanto se a nota supera as 5 décimas, redondearase ao número enteiro superior e no caso de que non chegue ás 5 décimas, o redondeo será ao enteiro inferior. A avaliación será aprobada cun 5 despois do redondeo.

A nota da avaliación final ordinaria calcularase facendo a media das notas das tres avaliacións . O redondeo farase igual que nas avaliacións.

Criterios de recuperación:

Aquel alumnado que non obteña un aprobado nunha avaliación fará o longo do curso tarefas e /ou un traballo para poder recuperar aquelas partes suspensas. Si chegado o mes de xuño non acadase o aprobado por non facer as tarefas de recuperación ou non acadar o 5, farase unha proba de recuperación final, para aqueles alumnos/as que a media das tres avaliacións non alcance o 5 despois do redondeo. As probas poden ser escritas e/ ou a realización dun traballo sobre aquela parte da materia non aprobada.

A nota acadada reflectirase na nota de avaliación que a súa vez será a que se terá en conta para a nota media da avaliación final ordinaria.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Non procede neste curso

6. Medidas de atención á diversidade

Empregaranse as medidas de atención á diversidade que sexan necesarias en coordinación co equipo de orientación: prestarase apoio dentro da aula aos alumnos/as que o requiran e faranse as adaptacións curriculares que se estimen oportunas. Estas últimas serán elaboradas despois dunha avaliación inicial.

En cada unidade didáctica, e especialmente no libro do profesor, danse indicacións específicas para o tratamento da diversidade e suxírense exercicios de reforzo e de ampliación.

Tendo en conta a singularidade de cada alumno/a trataremos de:

- Escoller en cada caso o máis apropiado propoñendo variedade de actividades para un mesmo contido: non todos os alumnos realizarán as mesmas actividades. Diferenciamos contidos prioritarios dos outros complementarios e de

ampliación.

- Utilizar metodoloxías diversas, empregando materiais didácticos variados e graduados en función da súa dificultade.
- Realizar agrupamentos flexibles que favorezan a interacción e ritmos distintos. Os grupos de traballo non estarán sempre formados polos mesmos alumnado senón que estarán en función da tarefa a realizar.
- Para alumnos máis motivados faranse actividades de ampliación que lles axuden a desenvolver as súas capacidades.
- Para alumnos con dificultades no proceso normal de aprendizaxe ofreceranse actividades sinxelas, breves e de reforzo coa intención de prestarlles todo o apoio que precisen.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Educación para a saúde	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Respeto mutuo e cooperación entre iguais	X	X	X	X	X	X

Observacións:

O traballar os mesmos descritores operativos que as demais materias, a materia de Relixión pode integrarse nos proxectos de interdisciplinabilidade e o traballo por ámbitos.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Elaboración postais navideñas / manualidades relacionadas co Nadal	Elaboración de postais cunha menxase navideña para compartir con familiares e amigos/as.	X		
San Valentín(celebración do amor , amizade...)	Elaboración dunha pulsera con fíos e abalorios como símbolo de amizade		X	
Charla- obradoiro con ONG	Invitar a algún membro dunha ONG ,para dar a coñecer o labor que desenrolan.		X	X
Saída cultural- relixiosa	Visita a algún lugar do entorno para coñecer e recoñecer elementos relixiosos .			X

Observacións:

As actividades propostas teñen como obxectivo:

- Achegar aos alumnos/as á cultura relixiosa do seu entorno.
- Recoñecer os distintos símbolos e obxectos relixiosos cristiáns.
- Completar a formación relixiosa dos/as alumnos/as estudando a súa aplicación práctica.
- Facilitar a convivencia e favorecer os valores da solidariedade e o traballo en equipo.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Cuestionario desenvolvemento da práctica docente
Clima de traballo na aula
Cuestionario para o alumnado

Descrición:

CUESTIONARIO DESENVOLVEMENTO DA PRÁCTICA DOCENTE

- Informo aos alumnos dos criterios, dos procedementos e dos instrumentos de avaliación
- Informo ás familias dos criterios, dos procedementos e dos instrumentos de avaliación.
- Formulo actividades variadas
- Nas actividades que propoño hai equilibrio entre as actividades individuais e as actividades grupais.
- Emprego técnicas metodolóxicas variadas: expositiva, investigadora...
- Emprego recursos didácticos variados (audiovisuais, informáticos?) para a presentación dos contidos e para a práctica dos alumnos.
- Comprobo que os alumnos comprenden a tarefa que teñen que realizar: facendo preguntas, estimulando a que verbalicen o proceso durante a realización das tarefas.
- Facilito estratexias de aprendizaxe: como buscar fontes de información, pasos para resolver cuestións..
- Reviso e corrijo frecuentemente as actividades propostas na clase e para a casa.
- Proporciono información o alumnado sobre a execución das tarefas e como melloralas.
- No caso de que os logros acadados polo alumnado sexan insuficientes, propoño novas actividades que faciliten a súa adquisición.
- No caso de que os logros acadados sexan suficientemente acadados nun breve período de tempo, propoño novas actividades que faciliten un maior grao de adquisición.
- Teño en consideración as orientacións do departamento de orientación nas medidas a adoptar co alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- Participo activamente nas sesións de avaliación, á hora de tomar decisións colexiadas no tocante a: Promoción do alumnado, Adopción de medidas de atención á diversidade, Elaboración do Consello orientador.
- O alumnado coñece os criterios de avaliación e de cualificación que se empregan
- Utilizo diferentes rexistros de recollida de datos: Listas de control, Escalas de valoración, Anecdotario, Diarios de clase.
- Emprego diferentes procedementos e instrumentos de avaliación:
- Emprego a autoavaliación do alumnado

CUESTIONARIO PARA O ALUMNADO:

- Fago con regularidade as tarefas propostas polo profesorado.
- Entrego os traballos según as indicacións dadas polo profesorado e na data acordada
- Participo activamente (aporto ideas, axudo a resolver problemas, realizo a miña parte) nos traballos propostos en equipo.
- Pregúntolle o profesorado as dúbidas..
- As cualificacións obtidas reflicten o meu esforzo e traballo.
- Asisto regularme a clase.
- Adoito unha actitude respectuosa co profesorado.
- Adoito unha actitude respectuosa cos compañeiros/as
- O que aprendo nunha materia aplícoo e relaciónoo con outras.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Realizarase o seguimento a través da aplicación Proens. Como o departamento é unipersoal e non teño que coordinarme con outros profesores, farase ao remate de cada UD completando os datos que aparecen na aplicación. Os datos recollidos no seguimento permitirán tomar decisións cara á programación do seguinte curso académico no que estaremos máis familiarizados coa aplicación.

Os procedementos para avaliar a programación de Relixión Católica son de dous tipos:

1. Unha avaliación de progreso:

a) Haberá que ir vendo o axuste de obxectivos, contidos, criterios de avaliación, procedementos e actividades á realidade do alumnado, ás súas necesidades e características e á realidade das posibilidades educativas do Centro.

b) Valorarase tal axuste nas reunións de Departamento e nas avaliacións e, se resulta pouco axeitado, haberá de modificarse durante o percorrer do curso.

2. Unha avaliación final:

a) Prestarase atención ao porcentaxe de alumnos/as que, na súa avaliación final, queden coa relixión sen aprobar.

b) Os erros detectados recolleranse na Memoria Final de curso para a elaboración da programación do próximo curso.

9. Outros apartados